

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA PILOTO "REDE DE FARMACIAS CENTINELA DE GALICIA" (PILOTO PREDICE_FAR).

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte: Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, co Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade; e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.


E doutra parte: Sara Catraín González, presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia da Coruña, Alejandro Sánchez Pérez-Mel, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia de Lugo, Santiago Leyes Vence, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia de Ourense e Beatriz García Iglesias, presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia de Pontevedra

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que a cada un deles lle están conferidas, con plena capacidade para formalizar o presente acordo, e polo exposto:

MANIFESTAN

- I. A Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu artigo 49 configura a Saúde Pública como prestación sanitaria e, como tal, determina o seu contido, que abrangue desde a medición do nivel de saúde da poboación e a identificación dos problemas e riscos para a saúde, a investigación das causas ou determinantes dos problemas de saúde que afectan á poboación, a través do establecemento dos rexistros e análises de datos que, respectando a normativa en materia de protección de datos persoais, permitan analizar e coñecer as situacións que teñen influencias sobre a saúde, incluíndo o ámbito laboral.

De conformidade co Decreto 144/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, corresponde a esta a superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para



asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

- II. Dentro da Consellería de Sanidade, corresponde á Dirección Xeral de Saúde Pública a prevención, promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

En concreto, a través do Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades (Cegace) correspóndelle a xestión da Rede galega de vixilancia en saúde pública, o exercicio da vixilancia epidemiolóxica e o control das enfermidades na Comunidade Autónoma de Galicia.

- III. A Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de Saúde Pública, establece que as Administracións sanitarias poderán prever a colaboración das oficinas de farmacia nos programas de saúde pública, podendo habilitar no seu caso a estas para realizar as accións tales como participar nos programas e estratexias de saúde pública que deseñen os servizos de saúde pública de nivel local, autonómico e estatal, ou realizar actividades de promoción da saúde e prevención de enfermidades.
- IV. Pola súa parte, a Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia, integra as oficinas de farmacia no nivel da atención primaria á saúde, e detalla entre as súas funcións a colaboración en programas de saúde pública.
- V. Ao longo dos últimos anos, singularmente durante a pandemia pola Covid-19 e con posterioridade a esta, as oficinas de farmacia de Galicia foron tendo un papel cada vez máis destacado nas estratexias de saúde pública, colaborando estreitamente en programas de vixilancia da saúde, prevención e detección precoz de enfermidades e educación sanitaria, por exemplo, nas campañas de vacinación da poboación.

O potencial que ofrecen estas actuacións dos farmacéuticos comunitarios e o seu impacto positivo nas accións de saúde pública fan que se deba seguir avanzando na integración das oficinas de farmacia en diferentes estratexias que se impulsan desde a Dirección Xeral de Saúde Pública para contribuír á mellora da atención e saúde da cidadanía.

- VI. Neste contexto, a Dirección Xeral de Saúde Pública en colaboración cos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia, pon en marcha o Programa Piloto Rede de Farmacias Centinela de Galicia.

Trátase dunha iniciativa a través da cal 70 oficinas de farmacia de Galicia traballarán conxuntamente para achegar información relacionada coa dispensación de determinados medicamentos e produtos sanitarios co fin de monitorizar a súa dispensación e obter datos que se poidan integrar nos sistemas de vixilancia epidemiolóxica. Estes datos serán tratados e analizados como indicadores do modelo predictivo, axudando a predicir unha alerta temperá, facilitando unha resposta anticipada e, polo tanto, máis eficaz, dos servizos de saúde ante situacións de crises epidemiolóxicas.



Os datos facilitados polas farmacias xerados pola propia dinámica asistencial, debidamente tratados, esperase que axuden a planificar actuacións específicas para poder controlar adecuadamente os gromos.

Por isto, as partes asinantes mostran o seu interese nesta colaboración, e para tal efecto formalizan o presente acordo que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do acordo é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre as partes para a realización do Programa Piloto "Rede de Farmacias Centinela de Galicia (Piloto PREDICE_FAR)", que ten como finalidade analizar a fidelidade, aceptabilidade e utilidade dos datos relativos á dispensación de determinados medicamentos e/ou produtos sanitarios, facilitados por un número determinado de oficinas de farmacia (70), como ferramenta de axuda nos métodos e estratexias de predición, prevención e control da gripe estacional co fin de establecer unha rede estable de farmacias sentinela integradas nas estratexias de saúde pública.

Segunda.- Compromisos asumidos pola Consellería de Sanidade


A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, asume os seguintes compromisos:

- Acusar recibo dos datos remitidos polos colexios, segundo o recollido no Anexo 3 do "Programa Piloto Rede de Farmacias Centinela de Galicia (Piloto PREDICE_FAR)".
- Monitorizar o uso dos indicadores para obter datos que integrarán nos sistemas de vixilancia epidemiolóxica.
- Conceder un distintivo identificativo ás oficinas de farmacia sentinela colaboradoras, que se remitirán aos correspondentes colexios para a súa distribución a estas.
- Conceder un certificado de participación no programa piloto aos/ás farmacéuticos/as participantes na Rede.

Terceira.- Compromisos asumidos polos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia

Os colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia asumen os seguintes compromisos:

- Obter os documentos de adhesión ao programa das oficinas de farmacia seleccionadas.



- Impartir a formación aos/as farmacéuticos/as participantes no programa.
- Crear as ferramentas necesarias para que as oficinas de farmacia envíen os datos aos colexios profesionais respectivos.
- Enviar os datos remitidos polas oficinas de farmacia sentinela á Dirección Xeral de Saúde Pública.
- Distribuír entre as oficinas de farmacia sentinela os distintivos identificativos remitidos pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

Cuarta.- Obrigas das oficinas de farmacia participantes

Poderán participar no Programa Piloto "Rede de Farmacias Centinela de Galicia (Piloto PREDICE_FAR)" as oficinas de farmacia situadas en Galicia que fosen seleccionadas pola Comisión Mixta de Seguimento prevista na cláusula décima, e que se adherisen ao Programa Piloto mediante a sinatura do Anexo I ("Modelo de adhesión da farmacia participante"), e cuxos farmacéuticos/as recibisen a formación impartida polo seu colexio.

A Rede de Farmacias Centinela de Galicia, no marco do Programa Piloto, estará formada por 70 oficinas de farmacia distribuídas entre as catro provincias da seguinte forma:


- 30 farmacias na provincia da Coruña
- 10 farmacias na provincia de Lugo
- 10 farmacias na provincia de Ourense
- 20 farmacias na provincia de Pontevedra

As oficinas de farmacia seleccionadas de entre aquelas que, voluntariamente, manifesten o seu desexo de participar, comprometeranse a asumir as funcións e obxectivos para os que se crea o Programa Piloto. Este compromiso será asumido por todos os/as farmacéuticos/as que traballen na oficina de farmacia.

A selección destas oficinas de farmacia será realizada pola Comisión Mixta, de forma que a súa distribución xeográfica por zonas farmacéuticas sexa o máis homoxénea posible respecto a variables demográficas, socioculturais, sociolaborais e sanitarias. A unidade xeográfica de análise para o establecemento dos estratos homoxéneos serán as zonas que abarque un código postal.

As oficinas de farmacia que resulten seleccionadas pasarán a formar parte da Rede de Farmacias Centinela, mentres que as restantes serán incluídas progresivamente no caso de ser necesaria a súa renovación.

A participación na Rede das oficinas de farmacia seleccionadas formalizarase mediante o documento de adhesión que figura no Anexo I do "Programa Piloto Rede de Farmacias



Centinela de Galicia (Piloto PREDICE_FAR)”.

As oficinas de farmacia que participen no Programa Piloto comprométense a:

1º.- Notificar de maneira puntual ao seu colexio os datos dos medicamentos e produtos sanitarios dispensados na súa farmacia incluídos no Programa piloto e citados na cláusula quinta, na forma que se lles indique.

2º.- Velar pola calidade dos datos que subministran, de maneira que sexan veraces.

3º.- Contar co compromiso de todos/as os/as farmacéuticos/as da oficina de farmacia co Programa Piloto.

4º.- Comunicar ao seu colexio calquera anomalía no Programa ou proposta de mellora deste para consideración por parte da Comisión Mixta de Seguimento.

No caso de incumprimento dos compromisos, a Comisión Mixta de Seguimento podería decidir a súa substitución por outra oficina de farmacia seguindo os criterios de selección establecidos.

As oficinas de farmacia sentinela colaboradoras contarán cun distintivo identificativo.

Os/as farmacéuticos/as participantes na Rede recibirán un certificado por parte da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Quinta. Operativa

A operativa será a prevista no “Programa Piloto Rede de Farmacias Centinela de Galicia (Piloto PREDICE_FAR)”:

1º.- Unha vez formalizado o convenio, procederase á captación de Farmacias participantes e selección destas pola Comisión Mixta.

2º.- Adhesión ao Programa das farmacias seleccionadas e formación aos/ás farmacéuticos/as participantes.

3º.- Creación de ferramentas para o envío de datos aos colexios.

4º.- Envío de datos.

5º.- Tratamento dos datos na Dirección Xeral de Saúde Pública e integración con outros indicadores para a adopción de medidas.

6º.- Fin do Programa Piloto e avaliación do seu impacto na estratexia de saúde pública.

Para a posta en marcha do Programa Piloto Rede de Farmacias Centinela de Galicia (Piloto PREDICE_FAR) establécense os seguintes indicadores:

A) Dispensación de antigripais non suxeitos a prescrición (EFP/OTC)

B) Dispensación de test de antíxenos (Gripe, Covid)



A Comisión Mixta de Seguimento poderá acordar engadir ou quitar indicadores a comunicar, o cal será debidamente notificado ás farmacias integrantes da Rede a través dos correspondentes Colexios.

As oficinas de farmacia pertencentes á Rede subministrarán ao seu Colexio, a través da ferramenta que estes determinen, un histórico do número de envases dispensados por día dos cinco medicamentos que máis vendas tivesen, dos recollidos como indicadores no apartado A), así como de todos os test recollidos no apartado B).

Posteriormente, e de maneira semanal, as farmacias subministrarán ao seu colexio o número de dispensacións diarias de envases de cada un dos cinco medicamentos que máis vendas tivesen, dos recollidos como indicadores no apartado A), así como de todos os test recollidos no apartado B), para o cal cubrirán o formulario recollido no Anexo II.

A oficina de farmacia realizará a carga dos datos cada luns desde o inicio do programa, e referirase ás vendas da semana anterior que mostre o seu programa de xestión, entendendo como tal as realizadas de luns a domingo. Se o luns fose día inhábil os datos enviaranse o seguinte día hábil.

Unha vez recibidos no colexio os datos das farmacias da Rede da súa provincia, estes agregaranse ao formulario recollido como Anexo III e comunicaranse á Dirección Xeral de Saúde Pública a través do enderezo electrónico dxsp.vixepi@sergas.es, con copia a saude.pública@sergas.es coa maior brevidade posible ou, en todo caso, ao día seguinte da súa recepción. A Dirección Xeral de Saúde Pública enviará xustificante da súa recepción.

A Dirección Xeral de Saúde Pública monitorizará o uso dos indicadores para obter datos que integrarán nos sistemas de vixilancia epidemiolóxica.


Sexta.- Protección de datos.

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das ás persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en adiante, "RGPD"), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais (en adiante "LOPD"), os seus datos trataranse coa finalidade de facer posible o perfeccionamento do presente acordo. A lexitimidade do tratamento é o cumprimento do acordo do que o interesado é parte (artigo 6.1.b RGPD).

Sétima.- Duración

O presente acordo terá unha vixencia dun ano, coincidente coa duración estimada do programa piloto, contado a partires da data da súa sinatura.

Ao finalizar o seu prazo inicial, a súa vixencia poderá ser prorrogada por acordo expreso das partes, cos límites temporais previstos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente acordo:

- a) A expiración do prazo previsto para a súa vixencia.
- b) Cando o seu obxecto deixe de ser necesario para a finalidade acordada.
- c) Por mutuo acordo das partes.
- d) Por incumprimento, total ou parcial das súas cláusulas.
- e) Por imposibilidade xustificada de cumprir o seu obxecto.
- f) Pola desaparición das causas que o motivaron.

Novena.- Financiamento

As actuacións previstas no presente documento non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes e, polo tanto, non precisan consignación orzamentaria específica.

Décima.- Comisión mixta de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento das actividades a desenvolver, constituirase unha comisión mixta de seguimento integrada por:

- 2 persoas designadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública
- 1 representante do COF da Coruña
- 1 representante do COF de Lugo
- 1 representante do COF de Ourense
- 1 representante do COF de Pontevedra

A comisión será a encargada da coordinación, execución e seguimento do presente acordo. Reunirase cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos unha vez cada mes.

A comisión mixta realizará o seguimento da operativa prevista, comunicará as incidencias detectadas e realizará unha avaliación final do cumprimento e do grao de desenvolvemento do acordo, que fará pública ante os órganos reitores das institucións asinantes.


Esta comisión mixta terá as seguintes funcións:

1º.- Resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do Programa Piloto.

2º.- Seleccionar, de entre as que se presenten voluntarias, as farmacias que integrarán a Rede de Farmacias Centinela de forma que a súa distribución xeográfica por zonas farmacéuticas sexa o máis homoxénea posible respecto a variables demográficas, socioculturais, sociolaborais e sanitarias.

3º.- Adoptar decisións que contribúan á boa marcha do Programa Piloto.

4º.- Elaborar un informe de conclusións sobre o cumprimento dos obxectivos do Programa Piloto.



Décimo primeira.- Natureza xurídica e xurisdición.

O presente acordo ten natureza administrativa, de conformidade co establecido no artigo 47.1, parágrafo segundo, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Este acordo queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o disposto no seu artigo 6, ao non ter carácter contractual.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas por conciliación na comisión mixta de seguimento, de conformidade cos principios de boa fe e confianza lexítima.

De non chegarse a un acordo, as partes someterán as súas diferenzas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir durante a execución do acordo, e non se resolverse a través da comisión de seguimento.

Décimo segunda.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervincentes para que a Administración Pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, formalízase e asínase o presente acordo en quintuplicado exemplar e a un so efecto no lugar e data citados no encabezado.




Pola Consellería de Sanidade
Antonio Gómez Caamaño



Polo COF da Coruña
Sara Calvo González



Polo COF de Lugo
Alejandro Sánchez Pérez-Mel



Polo COF de Ourense
Santiago Leyes Vence



Polo COF de Pontevedra



Beatriz García Iglesias



ANEXO 1

MODELO DE ADHESIÓN DA FARMACIA PARTICIPANTE

D./

Dña.

....., con
DNI número, farmacéutico/a colegiado/a no Colexio Oficial de
Farmacéuticos de con nº _____, titular da Oficina de Farmacia
número [.....] sita
en....., CP
por medio da presente SOLICITA a súa participación no PROGRAMA DE FARMACIAS
SENTINELA DE GALICIA.

Para o cal, EXPON:

1. Que coñece e acepta as obrigas establecidas no Programa referido.
2. Que se compromete a realizar unha comunicación activa dos datos solicitados nos prazos sinalados no Programa.
3. Que declara de maneira responsable a veracidade dos datos que vai subministrar, os cales se utilizarán estritamente con fins de vixilancia da saúde pública.

En base ao anterior, SOLICITA a súa participación no PROGRAMA DE FARMACIAS
SENTINELA conforme ás súas estipulacións.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:

Los datos personales solicitados en este Formulario serán tratados por ^{COLEGIO OFICIAL DE FARMACÉUTICOS DE PONTEVEDRA} (en adelante, ^{COFPO}), en calidad de Responsable de Tratamiento, para la finalidad de gestionar su participación en el programa. Los datos se conservarán mientras se mantenga la relación con el Colegio.

La Base de Legitimación para este tratamiento es su consentimiento. Tiene derecho a reclamar ante la Agencia Española de Protección de Datos. También puede contactar con el Delegado de Protección de Datos del COFPO en la siguiente dirección delegadoprotecciondedatos@cofpo.org.

Respecto a las posibles comunicaciones o cesiones de datos a terceros, ajenos al personal de COFPO, informarle que **NO** se cederán datos a terceros:

Usted tiene los siguientes **derechos**: solicitar el acceso a los datos personales relativos al interesado, solicitar su rectificación o supresión, solicitar la limitación de su tratamiento, y a Oponerse al tratamiento, así como la Portabilidad de los datos.

Para su ejercicio, debe presentar escrito de solicitud ante COFPO, con sus datos identificativos, lo que pide y fotocopia de DNI o similar para acreditar ser el interesado. Puede hacerlo enviando dicha solicitud a C/ ECHEGARAY 10 BAJO; 36.002 PONTEVEDRA o incluso mediante el envío de un correo electrónico a la siguiente dirección cofpontevedra@cofpo.org

En _____, a ___ de _____ de 20__

Fdo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE



COLEXIO OFICIAL DE FARMACÉUTICOS DE OURENSE



ANEXO 2

MODELO DE PLANTILLA ENVÍO DE DATOS DE FARMACIA

CP	Fecha	EFP/TEST	Unidades

Four handwritten signatures in blue ink are located at the bottom of the page. The signatures are stylized and appear to be of different individuals.

ANEXO 3

MODELO DE PLANTILLA ENVÍO DE DATOS POR COFs

Provincia	CP	Fecha	EFP/Test	Unidades

